

COMISIÓN CENTRAL DE CONTRATACIONES. 22 DE XUÑO DE 2018

1. Previsións de publicación de listas:

Mes de xuño:

- Listas definitivas de PSX, mecánico/a, calefactor, condutor/a, electricista e fontaneiro/a.

Mes de xullo:

- Primeira quincena:

Listas provisionais de psicólogo/a clínico/a, farmacéutico/a de atención primaria, fisioterapeuta, logopeda, médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador/a do 061, médico/a do traballo, odontólogo/a de atención primaria, terapeuta ocupacional e traballador/a social.

- Segunda quincena:

Listas provisionais de enxeñeiro/a técnico/a; grupo técnico e grupo de xestión da función administrativa; técnico/a superior e técnico/a de grado medio de prevención de riscos laborais; grupo técnico, grupo de xestión e técnico superior en sistemas e tecnoloxías da información.

Mes de agosto: non haberá publicacións

Mes de setembro:

- Listas definitivas de psicólogo/a clínico/a, farmacéutico/a de atención primaria, fisioterapeuta, logopeda, médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador/a do 061, médico/a do traballo, odontólogo/a de atención primaria, terapeuta ocupacional e traballador/a social.
- Listas definitivas de enxeñeiro/a técnico/a; grupo técnico e grupo de xestión da función administrativa; técnico/a superior e técnico/a de grado medio de prevención de riscos laborais; grupo técnico, grupo de xestión e técnico superior en sistemas e tecnoloxías da información.

Enfermeira/a especialista en pediatría: Informan de que van a publicar as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as, previsiblemente en xullo ou setembro.

2. Propostas de acordos.

- A Admón propón e autoriza a creación, na categoría de Enfermeira, da área especial de preparación de citostáticos. **CIG-Saúde** pedimos que se nos aclare que servizos son os susceptibles de ser cubertos con esta área especial. Aparentemente é para a cobertura das cabinas de fluxo nas farmacias hospitalarias.
- Non aceptan a creación de ningunha área especial máis na categoría de TCAE, entenden que non son necesarias
- Acórdase que para a cobertura de postos en categorías nas que non dispoñamos de listas de contratación se poida acudir ás listas da Xunta, en reciprocidade ao acordado na Xunta.
A aceptación destes contratos será voluntaria.
- Ante a indispoñibilidade de aspirantes nas categorías de Médico/a de familia e Pediatra de atención primaria, a Administración informa de que publicarán

CIG-SAÚDE *informa*

na páxina web do Sergas un anuncio para que os/as posibles aspirantes se inscriban nas listas. **CIG-Saúde** denunciámos que se desen contratos de calidade e non maltratasen ao persoal con contratos precarios, non terían ese problema de indispoñibilidade.

- **CIG-Saúde** solicitamos que nos casos de solicitudes de cambio de área concedidos por motivos de conciliación familiar, poidan solicitar no prazo de un mes dende a publicación das listas que se lles permita renunciar sen penalización, sexa cal sexa a duración do contrato que teñan.

3. Rogos e preguntas:

- **CIG-Saúde** denunciámos que na EOXI de Lugo inventaron un novo tipo de contrato de Acumulación de tarefas por Incapacidade Temporal. Esiximos que se corrixa este tipo de contratación e recordamos que a cobertura da Incapacidade Temporal só se pode facer con contrato de Substitución nominal.
- **CIG-Saúde** esiximos a convocatoria do grupo de traballo para a análise e proposta de mellora da xestión de chamamentos e vinculacións temporais, acordado na sinatura do Pacto de contratacións.
- A Administración négase a modificar o programa informático para que rexistre só unha chamada cando se fan chamadas seguidas nun intervalo de 15 minutos.